

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 3 DE DECEMBRO DE 2012 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE BENEFICIARIOS/AS, EXCLUÍDOS/AS E SUPLENTES PARA PARTICIPAR NO CURSO INTENSIVO (IP): SISTEMAS XURÍDICOS E DEREITOS DOS INMIGRANTES NA UE: TRADUCIR E INTERPRETAR NA DIVERSIDADE, QUE TERÁ LUGAR NA UNIVERSIDADE DE CESKE BUDEJOVICE, REPÚBLICA CHECA EN XANEIRO E FEBREIRO DE 2012.**

En virtude do disposto na Resolución Reitoral do 7 de novembro de 2012 pola que se convocaban 5 axudas para participar no curso intensivo Sistemas Xurídicos e Dereitos dos Inmigrantes na UE: Traducir e Interpretar na Diversidade esta Reitoría,

## RESOLVE


Primeiro: Aprobar e ordenar a publicación da listaxe definitiva de beneficiarios/as, suplentes e lista de agarda no anexo I.

Segundo: Establecer un prazo de 5 días hábiles para que os/as beneficiarios/as confirmen por escrito a Oficina de Relacións Internacionais a súa aceptación ou renuncia. No caso de non realizar a estadia, o/a beneficiario/a terá que devolver á Universidade de Vigo o custo da viaxe. O/a beneficiario/a deberá contratar un seguro de asistencia en viaxes como consta no punto 9 da convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, a persoa interesada poderá optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## O REITOR

Por delegación (RR do 05/09/2011)  
O vicerreitor de Relacións Internacionais  
  
Manuel L. Fernández Iglesias

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saída Nº. 201200024954 03/12/2012 13:26:47

Diligencia para facer constar que esta resolución se publica con esta data no aboleiro desta Universidade.  
Vigo, 3 de decembro de 2012

A Secretaría do Vicerreitor de Relacións Internacionais  
Henar Quintas Salgado